

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 30 DE MARZO DE 2020.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trinta de marzo de dous mil vinte; as trece horas e corenta minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don César Manuel Fernández Gil.- Concelleiros/as : Dona María Luz Expósito Pérez, dona Clara Loeda Soto, don Miguel García Domínguez, dona Yolanda Gómez Gómez

Está presente o Secretario do concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

Fica aprobada.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIIDADÁNS.

Escrito de don Brais Fidalgo Martínez , en representación do grupo municipal Ribeiro en Común, con rexistro de entrada 2020-E-RE-65:

Exposición de Motivos : En relación coas medidas que se están adoptando por parte do Concello de Ribadavia e por parte da Xunta e do goberno do Estado ante a crise sanitaria polo COVID-19, coronavirus, tralo decreto que aplica o estado de Alarma para todo o territorio durante quince días, como mínimo, podendo estenderse no tempo e adoptar outras medidas que sexan precisas.

SOLICITAMOS:

- Como continuidade dos escritos rexistrados en días anteriores, o noso grupo despois de coñecer situacións anómalas e de incumprimento da Declaración de Alarma vixente, volvemos reclamar:

1. Que se tomen medidas de protección aos traballadores municipais así como aos traballadores das concesionarias e das empresas adjudicatarias. Que o Concello adopte medidas para evitar a exposición dos seus traballadores, mesmo chegando ao cese da actividade se fora preciso.

2. Que o Concello lle reclame e esixa, de acordo ao Decreto do goberno, ás direccións de todas as empresas que existen no termo municipal que se adopten medidas de urxencia para protexer aos seus traballadores, provedores e clientes. Que se lles notifique polos mecanismos máis acidos dadas as circunstancias

- Ademais, tamén demandamos as seguintes medidas:

1. Que se intensifiquen polo Concello as medidas especiais de limpeza (como mínimo auga e lexívia) de rúas, lugares e espazos estratéxicos nestes días: como por exemplo entorno de farmacias, mercados, e outros de acumulación de persoas.

2. Que se tomen medidas de pagos a Autónomos e PEMES cos que o noso Concello teña pagos pendentes, priorizando as que teñan domicilio no municipio, xa que aproxímanse tempo moi difíciles para este sector central do noso municipio.

3. As obras municipais que non son de mantemento, con traballadores municipais ou de empresas adxudicatarias, se paralicen ata que sexa recomendado polas autoridades sanitarias.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

Escrito de don Brais Fidalgo Martínez , en representación do grupo municipal Ribeiro en Común, con rexistro de entrada 2020-E-RE-68:

Exposición de Motivos : En relación coas medidas que se están adoptando por parte do Concello de Ribadavia, tamén por parte da Xunta e do goberno do Estado ante a crise sanitaria polo COVID-19, e a vixencia do estado de Alarma para todo o territorio estatal.

SOLICITAMOS: Como continuidade dos escritos rexistrados en días anteriores, o noso grupo despois de coñecer situacións anómalas e de incumprimento da Declaración de Alarma vixente, volvemos reclamar todas as medidas demandadas que aínda non foron cumpridas por parte do Concello. E insistimos en:

1. Que se intensifiquen medidas de protección aos traballadores municipais así como aos traballadores das concesionarias e das empresas adxudicatarias.

2. Reiteramos ao Concello para que lle reclame, de acordo ao Decreto do goberno, ás direccións de todas as empresas que existen no termo municipal que se adopten medidas de urxencia para protexer aos seus traballadores, provedores e clientes. Que se lles notifique polos mecanismos máis acidos dadas as circunstancias.

3. Que se intensifiquen polo Concello as medidas especiais de limpeza (como mínimo auga e lexívia) de rúas, lugares e espazos estratéxicos nestes días: como por exemplo entorno de farmacias, mercados, e outros de acumulación de persoas.

4. Reiteramos que se tomen medidas de pagos de facturas municipais a Autónomos e PEMES cos que o noso Concello teña pagos pendentes, priorizando as que teñan domicilio no municipio, xa que aproxímanse tempo moi difíciles para este sector central do noso municipio.

5. Reiteramos a petición de que as obras municipais que non son de mantemento, con traballadores municipais ou de empresas adxudicatarias, se paralicen ata que sexa recomendado polas autoridades sanitarias. Que ditos traballadores se destinen a funcións de limpeza, desinfección, prevención.

6. Intensificar Labores de prevención no Asilo. Manter xuntanza co Xerente, así como coordinador servizos sociais municipais, con total adaptación ás súas necesidades horarias.

7. Intensificar vixilancia zonas de aglomeración de xente, labor de prevención intensificando o control e supervisión. Reforzar vixilancia e supervisión das filas nos supermercados e noutros espazos de aglomeración de xente. Mesmo con aplicación de sancións.

8. Que o Concello instaure o protocolo de control test do COVID19 no Asilo.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

Escrito de don Brais Fidalgo Martinez , en representación do grupo municipal Ribeiro en Común, con rexistro de entrada 2020-E-RE-70:

Exposición de Motivos : En relación coas medidas que se están adoptando por parte do Concello de Ribadavia, tamén por parte da Xunta e do goberno do Estado ante a crise sanitaria polo COVID-19, e a vixencia do estado de Alarma para todo o territorio estatal.

SOLICITAMOS: Como continuidade dos escritos rexistrados en días anteriores, solicitamos:

1º. Se convoque xuntanza de seguimento do Plan de Emerxencias municipal, na que poidan participar todos os grupos municipais (con voz e sen voto). Esta debe ser convocada como continuidade da xuntanza que terá lugar o vindeiro xoves ás 12.30h.

2º. Agradecer a convocatoria da xuntanza demandada polo noso grupo co coordinador de servizos sociais e co xerente do Asilo. Compartir a reflexión de que quizais sería necesario tamén a participación nesta xuntanza do Coordinador do GES-Emerxencias Ribadavia así como do Xefe da Policía Local.

3º. Se convoque xuntanza de concellos da comarca para compartir información detallada da situación noutros concellos e poder abordar solucións de cooperación entre todos, xa que o COVID19 non distingue fronteiras.

4º. Reiterar as peticións aínda non cumpridas polo goberno local.

5º. Se fomenten Medidas destinadas a controlar aglomeracións en áreas comerciais, por exemplo, incentivar e promocionar comercio a través de telefono, evitando a entrada física en comercios. Coordinación co Mercado Municipal e coas grandes áreas, como mínimo.

6º. Cumprimento dos protocolos de recepción e distribución do material recepcionado polo noso Concello, do cal o noso grupo ven de coñecer de maneira informal polas redes sociais. Priorización e garantindo que as persoas que máis exposición sofren teñan en todo momento o material necesario para a súa protección. Acumulación de reservas de material para ditos profesionais: sanitarios, servizos sociais, seguridade, protección civil e traballadores públicos, así como persoas e cidadanía que non poida acceder a el e sexan sector prioritario de alto risco.

7º. Cumprimento de todos os protocolos de seguridade para todos os seus traballadores, máis aínda en estado de alarma. A administración publica debe respectar os Decretos do goberno, os mesmos que se lles están impondo á toda a cidadanía de maneira moi necesaria. O Concello non pode poñer en perigo aos seus traballadores e a demais cidadanía.

Por último, agradecer a cooperación , diálogo e comunicación existente entre grupos municipais.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

Escrito de don Brais Fidalgo Martínez , en representación do grupo municipal Ribeiro en Común, con rexistro de entrada 2020-E-RE-71:

Exposición de Motivos :

- En relación coa información que o Alcalde nos deu aos grupos de que hai un caso positivo de COVID19 de un traballador do Asilo de Ribadavia.

- En relación coas demandas trasladadas polo noso grupo na xuntanza do pasado xoves 26 de marzo, que tivo lugar no Concello entre todos os grupos municipais coa Alcaldía e os responsables de servizos sociais, Asilo, Emerxencias- Protección Civil e Policía Local. Recordar e reiterar que ningunha das medidas reclamadas polo noso grupo tivo aínda efectos positivos e concretos en beneficio da nosa veciñanza.

SOLICITAMOS: Como continuidade dos escritos rexistrados en días anteriores, solicitamos:

1º. Que se realice urxentemente o test a todos os profesionais sanitarios e coidadores de Ribadavia, do Asilo, Axuda no fogar e aos profesionais sanitarios. Non é admisible que o principal sector de risco nesta crise sexan as persoas maiores e non se tomen as medidas necesarias para garantir que os seus coidadores non están expostos. Non é admisible que as autoridades sanitarias se neguen a facer ditas probas.

De nada servirán as medidas de prevención se non aseguramos que as traballadoras e traballadores, así como residentes do Asilo dan negativo na proba.

A Realización de probas a todas as profesionais, aínda que non manifesten síntomas, debe ser realizada para ter a certeza de que as profesionais están ben e con boa saúde e os usuarios teñan as máximas garantías.

2º. A Limpeza e desinfección interna do Asilo de maneira inmediata, a cal se deba ter feito xa. E unha vez coñecido o caso positivo dun traballador **pedimos se adopten medidas urxentes de illamento e de seguridade para traballadoras e residentes.**

3º. Se convoque de maneira urxente o antes posible a Xunta de Portavoces municipais e o Padroado do Asilo. Para ter toda a información de casos positivos no municipio, cuarentenas, e persoas que realizaran o test- proba e se atopan á espera de resultados.

O noso grupo esixe ter toda a información deste caso positivo no Asilo, así como as medidas que se van adoptar e o protocolo aplicado. Hoxe domingo comunicóusenos aos grupos o positivo deste traballador, informándonos que o mesmo leva 6 días fora do Asilo. Non nos parece de recibo que non se nos informara da realización dunha proba-test a un traballador do Asilo, e aínda menos que non se adoptaran maiores medidas preventivas e inmediatas, medidas que ao noso grupo non lle constan.

4º. Consideramos que todos os grupos municipais estamos mantendo unha lealdade institucional exemplar, reclamamos que sexa recíproca por parte do goberno municipal, cando na realidade a información que se nos dá non está sendo completa, nin se están aceptando moitas das nosas propostas e reclamacións realizadas nestes 15 días. Así mesmo, pedimos que o goberno dea información máis detallada sobre a situación diaria do COVID19.

5º. Volvemos reclamar e esiximos que o Concello ofrezca maior información pública á veciñanza sobre a evolución do COVID19 en Ribadavia.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

-Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con rexistro de entrada no concello 1515 de 26 de marzo de 2020:

Exposición de Motivos: En relación coas medidas que se están adoptando por parte do Concello de Ribadavia, tamén por parte da Xunta, e do goberno do Estado ante a crise sanitaria polo COVID-19, e a vixencia do estado de alarma para todo o territorio estatal.

Solicitamos: como continuidade dos escritos rexistrados en días anteriores:

1º Se convoque ao voluntariado do Plan de emerxencias municipais de Ribadavia (voluntarios/as Protección Civil) .No mesmo se poida convocar tamén a concelleiros e concelleiras de todos os grupos municipais para, se así o estiman, poder participar en labores de voluntariado, sumándose a estas labores de limpeza e prevención do COVID 19. Tal e como se ten ofertado por todos os grupos dende o pasado mércores 18 de marzo.

2º Se doten de material apropiado para dito Voluntariado de protección civil. Así mesmo recordamos que todas as persoas, concelleiros e Alcalde incluídos, que vaian ou poidan participar nestas laboras cumbran o protocolo de prevención do virus, e deben ter ao seu dispor medios de acordo ao estado de alarma vixente e aos protocolos de prevención.

3ª Que o concello realice comunicación cuantitativa só de número de afectados/as no noso municipio, de acordo á normativa vixente e sempre respectando a protección de datos ética e legal, transmitindo tranquilidade e calma á poboación e informando que se están cumprindo os protocolos sanitarios. O único obxectivo da transparencia é tranquilizar á poboación e evitar os bulos e falsas informacións.

4º Información detallada de material existente e previsión do material que se vai necesitar. Información da colaboración de outras institucións co noso concello, e da comunicación entre institucións existente.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

-Escrito de dona Noelia Rodríguez Travieso, concelleira do PSOE na Corporación de Ribadavia, con rexistro de entrada no concello nº 1522 de 27 de marzo de 2020:

Ten a ben solicitar, en relación coa pandemia do COVID-19, as seguintes actuacións no concello:

-Se compartan polas redes do concello (páxina web, facebook...) toda a información que se está a publicar nos diversos portais, tanto polo Estado como pola Xunta de Galicia, de xeito que se creen links a páxina do Ministerio de Sanidade e o da Xunta de Galicia, en concreto <https://coronavirus.sergas.gal/>

-Que se faga público dende a Alcaldía o número de afectados do Concello, preservando o dereito de intimidade das persoas e sen crear alarma social, e se

expliquen as medidas que se están a levar a cabo (illamento en cuarentena, ingresos hospitalario...) por medio das autoridade sanitarias.

-Se dote de protección adecuada (mascarillas) os usuarios do Servicio de Atención Domiciliarias que poidan ter a condición de persoas de risco.

Asi mesmo interesa saber o seguinte:

-Que tipo de solución desinfectante se está a utilizar estes días en diversos núcleos de poboación , por si poideran ter o carácter de tóxica , e por qué os que acompañan os que están a subministrar estes produtos no usan EPIS (en concreto mascarillas).

.Se por parte do concello se pediu algún tipo de colaboración tanto a Deputación Provincial como a Xunta de Galicia.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

-Escrito de dona Noelia Rodríguez Travieso, concelleira do PSOE na Corporación de Ribadavia, con rexistro de entrada no concello nº 1524 de 30 de marzo de 2020:

O Grupo Municipal Socialista de Ribadavia, como xa anunciamos noutras xuntanzas , reiteramos a nosa proposta de doar e/ou empregar a partida económica destinada á asistencia de plenos e comisións informativas dos concelleiros/as do Grupo Socialista de Ribadavia, ata que se restableza o labor ordinario dos concelleiros/as que formamos parte da Corporación Municipal , ata que se restableza o labor ordinario dos concelleiros/as que formamos parte da Corporación Municipal, xa que foron suspendidas debido á crise sanitaria que estamos a padecer do Covid-19, e se destinen / doen cada mes á Fundación Nosa Sra dos Anxos (Asilo de Ribadavia) no que a Xerencia estime e/ ou determine como prioritarias (material, persoal ou calquera outra cuestión relacionada co benestar dos residentes).

A xunta de goberno acorda comunicar que, a data, todas as asistencias a plenos e comisións informativas están abonadas, e que por Decreto de Alcaldía de data 16 de marzo de 2020 quedou suspendida a realización de Comisións Informativas e Plenos, co cal no se xenera o dereito de abono por asistencia a comisións informativas e plenos ao non celebrarse os mesmos mentras se manteña a emerxencia sanitaria , e, polo tanto, non se pode doar a cantidade que se oferta ao non producirse ningún ingreso.

-Escrito de dona Noelia Rodríguez Travieso, concelleira do PSOE na Corporación de Ribadavia, con rexistro de entrada no concello nº 1498 de 20 de marzo de 2020:

O Grupo Municipal Socialista de Ribadavia, con motivo das consecuencias sociais e económicas que está provocando a pandemia do covid-19 e co obxectivo de mitigar o impacto desta crise que está afectando ao sector económico, solicitamos:

Nesta situación do estado de alarma se analicen todas as fórmulas , por parte dos técnicos municipais , para resolver medidas, de cómo solucionar para que as obrigas contributivas e taxas municipais e de impostos sexa menos gravosa , co

fin de axudar a paliar a economía dos veciños e veciñas do concello de Ribadavia; auga, alcantarillado, recollida do lixo, e imposto municipal de vehículos, aínda que xa existe unha ordenanza para o fraccionamento dos pagos; neste contexto especial se aplique ou resolva de xeito excepcional retrasala prórroga dos pagos nun tempo prudencial para facer fronte segundo a situación e solicitando previamente cando remate o estado de alarma.

Que sexa posible a solicitude dun fraccionamento no pago do IBI(Imposto de Bens Inmóviles) , ou prolongalo nun período de tempo acordado e solicitando previamente no concello ao remate desta situación de estado de alarma.

Ao igual que o cobro dos recibos domiciliados de todos estes tributos se retrase ata unha data acordada de cargo en conta.

Implementación de outras consideracións por parte dos técnicos municipais que non vaian contempladas nesta solicitude e poidan ser de interese/axuda para a veciñanza .

Con estas medidas queremos dar o noso apoio á veciñanza e tamén aos sectores productivos; autónomos/as e ás pequenas empresas ,ante esta crise sanitaria imprevista que está afectando a todos e sobre todo á economía do país.

Se poñan en marcha todos os mecanismos para que se leven a cabo os puntos que solicitamos unha vez remate esta situación.

Mantendonos á espera da duración desta situación tan excepcional e agardando que esta iniciativa sexa concluída canto antes, que é dondo se verá a situación individual de cada veciño/a, negocio e/ou empresa.

A xunta de goberno acorda comunicar que con data de 20 de marzo de 2020 se fixo público un Bando de Alcaldía no que se indicaba:

“A medio deste BANDO voume dirixir a todos e cada un de vós, para poñer en coñecemento diversas medidas que se están a adoptar dende o Concello en relación con diversos Impostos, Taxas e Prezos Públicos.

Dada a suspensión de prazos establecidas no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19 no que se suspendían os termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, exercicio 2020, que se atopaba en periodo voluntario de cobro queda en suspenso. O cómputo dos prazos reiniciarase no momento en que perda vixencia o presente o Decreto de Alarma, data na que se fixará o novo periodo de pago.

En relación coa taxa de Subministración e abastecemento de auga e da taxa de depuración de residuais, correspondente o 1º trimestre de 2020, queda anulado o periodo de pago voluntario que aparecerá reflexado na próxima factura de auga que recibiran no seu domicilio nas vindeiras semanas.

Indicar que dita notificación da empresa concesionaria do Servicio (Aqualia) será a título informativo do consumo rexistrado ata o último período de lectura rematado a primeiros do mes de marzo, polo que non se efectuará ningún cargo domiciliado nin se iniciará periodo de pago voluntario das mesmas.

Como se sinalaba no Decreto da Alcaldía de data 16.03.2020 os servizos obxecto de suspensión gravados con taxas ou prezos públicos, o Concello de Ribadavia procederá de oficio á devolución aos interesados dos importes correspondentes aos servizos xa pagados que non teñan sido obxecto de prestación como consecuencia da súa suspensión.

O que se fai público para o xeral coñecemento.”

-Escrito de dona Noelia Rodríguez Travieso, concelleira do PSOE na Corporación de Ribadavia, con rexistro de entrada no concello nº 1464 de 16 de marzo de 2020:

O Grupo Municipal Socialista ,ante a crise sanitaria provocada polo COVID -19 (coronavirus) , e co obxectivo de protexer e preservar a saúde das persoas máis vulnerables, de avanzada idade; con pluripatoloxías e que viven en soidade no concello de Ribadavia; se poña en marcha un plan de medidas orientada a garantir a seguridade dos nosos maiores.

A saúde destas persoas está por riba de todo, non debemos mirar as cores políticas en situacións coma a que estamos a padecer ; senón que hai que ter vontade, esforzo e compromiso para axudar.

A sanidade pública convertese en fundamental e vital , sabemos que os profesionais están a traballar arreo prestando os seus servizos.

O concello de Ribadavia debemos estar á altura; o compromiso do Grupo Socialista é firme ; dispomos de información por parte das autoridades sanitarias, institución autonómica e do Goberno de España e, desde a experiencia, implicámonos en aportar medidas importantes para afrontar esta situación.

Solicitamos

Se habilite Plan de Emerxencia Municipal contra a Soidade:

Dotar dun equipo multidisciplinar que atenda as demandas e / ou necesidades, Servizos Sociais, Traballadora de Servizo no Fogar, Cruz Vermella e Protección Civil para todas aqueles que precisen adquirir alimentos / produtos de primeira necesidade , medicación ou realizar algún tipo de trámite.

Dispor dun número de teléfono de atención e asesoramento priorizando a atención destas persoas e colectivos vulnerabeis, para levar a cabo esta acción, garantindo o benestar e necesidades básicas, reforzándose para que as consecuencias sexan ás mínimas para que a saúde dos nosos maiores non perigue.

Se proceda a publicación mediante un Bando Informativo a toda a veciñanza e poñendo en coñecemento ás autoridades e servizos sanitarios de calquera incidencia que poida xurdir.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

-Escrito de don Celso Mariño Núñez , con rexistro de entrada 2020-E-RE-69 , en nome e representación de Catoure SL, empresa adxudicataria do contrato de servizo e asistencia coa recadación municipal , comunicando as medidas de reorganización do servizo de carácter temporal con motivo da crise sanitaria do covid-19

4. ESCRITOS OFICIAIS.

5.-CUESTIÓNS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.

Acuerdo de inicio del expediente de contratación de “CONTRATO DE SERVICIOS DE COLABORACIÓN CON EL SERVICIO DE RECAUDACIÓN DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA”

Visto el informe de Secretaría, y de conformidad con lo establecido en la Disposición Adicional Segunda de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre , de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE ,de 26 de febrero de 2014, y en ejercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de 17 de junio de 2019,

La Junta de Gobierno Local acuerda:

PRIMERO.- Aprobar el expediente de contratación , mediante procedimiento abierto para “ Contrato de servicios de colaboración con el servicio de recaudación del ayuntamiento de Ribadavia ”, convocando su licitación.

SEGUNDO .Aprobar el gasto correspondiente a la anualidad de 2020 por importe de 70000 euros, IVA incluido.

TERCERO.- Aprobar los pliegos de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas que regirán el contrato.

CUARTO.- Publicar el anuncio de licitación en el perfil de contratante con el contenido contemplado en el Anexo III de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre ,de Contratos del Sector Público.

QUINTO.- Publicar en el perfil de contratante toda la documentación integrante del expediente de contratación, en particular el pliego de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas. La documentación necesaria para la presentación de las ofertas tiene que estar disponible el mismo día de la publicación del anuncio de licitación.

SEXTO.- - Finalizado el plazo de presentación de las proposiciones, se procederá a la apertura de las proposiciones y a su valoración.

SEPTIMO.- Efectuada la valoración de las proposiciones y la propuesta de adjudicación, se procederá a la adjudicación.

INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS PARA LA PRESTACIÓN DEL

OBJETO DEL CONTRATO DE SERVICIOS DE COLABORACIÓN CON EL SERVICIO DE RECAUDACIÓN DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA.

De conformidad con lo establecido en el artículo 116.4. f) de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se trasponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014,

En ejercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de 17 de junio de 2019, la Junta de Gobierno Local, acuerda:

PRIMERO. Acreditar, que no existen medios personales ni materiales suficientes y acreditar la conveniencia de no ampliarlos para hacer frente a la necesidad consistente en la prestación de servicios de colaboración con el servicio de recaudación (colaboración y asistencia técnica, material e informática, el ejercicio de las funciones de gestión tributaria, censal, inspectora y recaudatoria del Ayuntamiento de Ribadavia) y, en general, para la realización de aquellos trabajos de colaboración que no impliquen ejercicio de autoridad por lo que se hace necesario celebrar un contrato de servicios.

SEGUNDO. Publicar el informe de insuficiencia de medios en el perfil de contratante de conformidad con el establecido en el artículo 63.1.a) de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

INFORME SOBRE LA NO DIVISIÓN EN LOTES DEL CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SERVICIOS DE COLABORACIÓN CON EL SERVICIO DE RECAUDACIÓN DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA.

De conformidad con lo establecido en el artículo 99.3 de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.

En ejercicio de competencia delegada por decreto de alcaldía de 17 de junio de 2019 , la Junta de Gobierno Local, por unanimidad, acuerda:

No dividir en lotes el objeto del contrato , con fundamento en lo señalado en el artículo 99.3.b) de la LCSP, dado que la necesidad de coordinar la ejecución de las distintas prestaciones y que la realización independiente de las mismas dificultaría la correcta ejecución del contrato.

-Aprobación do expediente de contratación e dos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen o procedemento aberto, varios criterios de adjudicación, das concesións administrativas de uso privativo dos postos vacantes da Praza de Abastos Municipal.

Examinada a documentación obrante no expediente, en exercicio de competencia delegada por decreto de alcaldía de data 17 de xuño de 2019, a xunta de goberno acorda:

-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, varios criterios de adxudicación, para a adxudicación da concesión administrativa de uso privativo dos seguintes postos da Praza de Abastos de Ribadavia, bens de dominio público:

Planta baixa:

Números 10,14,15 e 16..

-Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.
-Publicar no Boletín Oficial da Provincia anuncio de licitación para que no prazo de quince días hábiles a contar do seguinte ao de publicación de anuncio no BOP os interesados poidan presentar as proposicións que estimen pertinentes.

E sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente acta, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO